



O CAMIÑO ANDADO “Especial Comunicación 2009”



Mirar o futuro desde unha cadeira
Investigar a conciencia
Un mar de vida e, con forza,
un hórreo cheo de contido

Unha mirada sobre 14 anos de difusión escrita para **coñecer** as enfermidades neuromusculares, mellorar a **accesibilidade universal**, a **autonomía persoal**, a **igualdade de oportunidades...** desenvolvida desde Asem Galicia, apoiada pola Universidade de Vigo e o Hospital do Meixoeiro.
“O Camino andado”
dispoñible en
www.asemgalicia.com

Grazas por descubri-lo e colaborar na súa difusión



Asem Galicia está nas ondas
Cada mércores, as 10:10 h en Radio Lider
Paxina. 8

A unión fai a forza: ser socio, un compromiso

Este dito é aínda máis real nas enfermidades neuromusculares, porque a nosa forza muscular se ve minorada, pero xuntos fortalecémonos para xerar cambios.

O compromiso de cada un é fundamental e faise realidade achegando o noso gran de area de diferentes maneiras:

- economicamente
- colaborando na difusión de Asem e da súa documentación
- achegando os seus coñecementos

Faite socio!

Chámanos!

Índice

ACTUALIDADES	2
CREER	2
Estratexia ERARAS	3
FORO ASEM Galicia	4
Congreso ASEM	5
Con Isabel GEMIO	6
Con ASPANEMI	6
Felicidades	7
AUTONOMIA PERSOAL	8
SOCIAL	10
Servizos e prestacións	10
Incapacidade laboral	11
TESTEMUÑO	12

A ministra de Sanidade e Política Social, Trinidad Jiménez,
inaugurou o primeiro
**Centro de Referencia Estatal para a Atención de
Persoas con Enfermidades Raras e as súas Familias**



De ámbito estatal, o acabado de inaugurar Centro de Referencia Estatal para a Atención de Persoas con Enfermidades Raras e as súas Familias (CREER) de Burgos é tamén fundamental para os galegos, afectados e profesionais, institucións e ONG relacionadas coas enfermidades raras.

Conscientes diso, acudiron o 30 de setembro desde Vigo membros de ASEM Galicia representando a Federación Española de Enfermidades Neuromusculares e, desde A Coruña, membros de esclerose múltiple e de ataxia en representación do GAEC.

Hai máis de 7000 enfermidades raras diagnosticadas. Soamente coas enfermidades neuromusculares en Galicia hai uns 4.000 afectados e para o resto de enfermidades raras unhas 20.000 familias. Entendemos todos a importancia de dispoñer dun centro de referencia de atención e investigación socio-sanitaria complementario aos servizos públicos actuais.

O CREER dispón dunha infraestrutura ampla e totalmente adaptada, con persoal preparado para a atención a persoas discapacitadas. É un centro de servizos de atención directa cun equipo multidisciplinar. Acolle nas súas instalacións afectados, familias e ONG en estancias curtas, para un mellor coñecemento das enfermidades e os seus tratamentos, e as familias poderán solicitar unha estancia para un período de descanso (entre 3 e 10 días). Como centro de servizos de referencia será, para todos, unha fonte de información, documentación e valoración, sen esquecer, doutra parte, a formación, asistencia técnica e cooperación institucional. É un novo recurso á disposición das autonomías, ONG e familias, de vital importancia tanto para o coñecemento como para a difusión destas enfermidades e as súas problemáticas.

*Esteamos onde esteamos,
afectados e profesionais,
concírnenos tamén
o CREER*



A ministra cos representantes das ONG.
Á dereita, o representante de Asem
presenta un documento da entidade.

Para máis información: CREER
www.creenfermedadesraras.es
tlf. 947 253 950



PRESENTACIÓN

Estratexia Nacional en Enfermidades Raras (ER)
Do Sistema Nacional de Saúde (SNS)

O martes 20 de outubro de 2009 presentouse no Ministerio de Sanidade e Política Social en Madrid a Estratexia Nacional de ER.

Ao acto asistiu a Dra. Carmen Navarro, que participou na redacción da estratexia como membro do Comité Institucional en representación da Comunidade Autónoma Galega.

A inauguración consistiu en:

- Presentación da estratexia, por D. Pablo Rivero Coste, director xeral da Axencia de Calidade do SNS
- Dúas conferencias sobre Acción e Estratexia, a cargo de Antoni Montserrat Moliner, da CE, e do Dr. Francesc Palau Martínez, director científico do CIBERER.
- Unha mesa redonda sobre experiencias europeas, coa participación de Italia, Francia, Portugal e España.
- E, pola tarde, os participantes da elaboración da estratexia formaron o Comité Técnico de Avaliación e Seguimento para a implantación da dita estratexia.

Coa presentación, España é pioneira en Europa (a proposta de recomendacións relativas ás ER da CE estaba englobada entre os anos 2008-2013).

Elaborada coa participación do Ministerio de Sanidade, outros ministerios, CC. AA., asociacións de pacientes (onde estivo Asem representada), comunidades científicas e persoas expertas.

En que nos interesa esta estratexia?

Aborda aspectos sobre a prevención e detección precoz das ER, atención sanitaria e socio-sanitaria, impulso á investigación, formación e información a profesionais e a persoas afectadas e as súas familias.

Está enmarcada dentro do Plan de Calidade do SNS.

Supón, por tanto, un apoio e unha guía para as persoas con ER e as súas familias, para a promoción da saúde, estilo de vida saudable e para mellorar a calidade da atención aos pacientes afectados por este tipo de patoloxías.

A estratexia servirá, ademais, como ferramenta de coordinación do SNS e garante a solidariedade, a equidade e a participación para lograr a redución de desigualdades.

Como di o Dr. Palau, coordinador: "Estamos convencidos de que a estratexia vai ser un instrumento eficaz, un antes e un despois, para a atención ás persoas afectadas por unha enfermidade rara".

Seguimos avanzando e esperamos que se cumpran os bos prognósticos para a atención particular e global no ámbito das nosas enfermidades.

Equipo de redacción formado por afectados, familiares e profesionais de Asem Galicia.

Coordinación redacción: Nelia Bruña e Thais Pousada, Carmen Vilaboa e Jean-Louis Bouvy. Maquetación: Manuel Martín, Debuxos: Fernando Ruibal, Apoio loxístico e difusión: Ana Rocha e colaboradores.;

Tradución: Arximiro Fernández Cabanelas

O boletín CAPACIDADE NEUROMUSCULAR é unha publicación distribuída a todos os socios, a numerosos profesionais, institucións, asociacións e persoas en contacto (900 envíos).

"Es posible obtener un ejemplar impreso en castellano solicitándolo a ASEM Galicia."

Edición impresa 1.500 exemplares

ISSN:1888-6698 Dep. Legal: **Vg 62-2001**


© Edita ASEM Galicia 4º Trimestre de 2009

Custo aproximado impresión e envío: 2 €

Ver edicións en "CASTELLANO" e

en "GALEGO" na web www.asemgalicia.com

Publicación subvencionada por:



Na web de Asem Galicia... estreamos FORO

Sabemos que a distancia e a dispersión xeográfica non nos permiten chegar a todos vós, pero agora, grazas ás novas tecnoloxías, Asem Galicia estará máis preto dos vosos fogares.

Para iso creamos un **foro**, un espazo de comunicación por e para vós. A través desta ferramenta non só lles poderedes consultar directamente as vosas dúbidas á traballadora social e á terapeuta ocupacional de Asem Galicia, senón que tamén atoparedes outras persoas (afectados, familiares...) coas que intercambiar experiencias, compartir opinións e encontrar un apoio.

Participar no foro é moi doado. Só tendes que entrar neste enderezo:

<http://www.asemgalicia.com/foro/foro.html> (ou facer clic no enlace "Foro" da páxina principal da web de Asem Galicia) e seguir os seguintes pasos:

- Facer clic sobre "Rexistrarse" no menú superior do foro.
- Aceptar as normas de uso, introducir os vosos datos de contacto e pulsar sobre o botón "Enviar".
- Unha vez rexistrados, xa poderedes enviar e responder as mensaxes do foro. Para iso, cada vez que entredes no foro teredes que pulsar sobre "**Identificarse**", onde introduciredes o voso nome de usuario e contrasinal.

Foro - Registro

Nombre de Usuario:
La longitud debe ser entre 3 y 20 caracteres.

Dirección de email:

Confirmar dirección de email:

Contraseña:
Debe tener entre 6 y 30 caracteres.

Confirmar contraseña:

Idioma: Español ▼

Zona horaria: [UTC + 1] Horario Europa Central, Horario África Ori

ASEM Galicia en RADIOLÍDER

Por **Thais_TO** · Mar Oct 27, 2009 11:35 am

Estimados amigos:

Os invitamos a escuchar cada miécoles la emisora Radiolider porque...

En la ondas gallegas, ASEM Galicia colabora cada miécoles de 10h10 a 10h30 en RADIOLIDER en un programa dedicado a las Enfermedades Raras.

Escúchanos en FM 90.7

Recibid un cordial saludo

Thais Pousada, Terapeuta Ocupacional de ASEM Galicia

[Publicar una respuesta](#)

1 mensaje · Página 1 de 1

- Para publicar un novo tema no foro, hai que entrar no subforo en que queirades deixar a vosa mensaxe e facer clic sobre "publicar un novo tema".

- Para responder unha mensaxe que lerades, só tendes que pulsar sobre "publicar unha resposta".

Nestes momentos hai 4 salas activas, cada unha cos seus subforos: Funcionamento do Foro; Funcionamento da Web; Enfermidades Neuromusculares; Banco de Axudas Técnicas e Compra/Venda.

As dúas primeiras teñen información sobre o funcionamento do foro e da web e poderedes deixar nestas salas suxestións ou problemas que encontrádes e que nos axuden a mellorar a nosa *website*.

Se tendes algunha dúbida sobre o funcionamento do foro, poderedes enviar un e-mail a:

toasemga@gmail.com.

BENVIDOS Á NOSA COMUNIDADE VIRTUAL

Desde aquí dámoslle as grazas a José J. Alonso polo seu traballo totalmente voluntario no mantemento da páxina web de Asem Galicia.



Na Sala “Enfermidades Neuromusculares” hai dous subforos:

FUNCIONAMIENTO DEL FORO		TEMAS	MENSAJES	ÚLTIMO MENSAJE
	Normas Para usuarios de nueva incorporación	1	1	por Josco.J Sab Ago 22, 2009 5:25 pm
	Registro Debes registrarte para poder publicar posts	1	1	por Josco.J Sab Ago 22, 2009 6:00 pm
	Incidencias Incidencias o problemas con el foro y su funcionamiento.	1	1	por Josco.J Lun Ago 31, 2009 6:06 pm
FUNCIONAMIENTO DE LA WEB		TEMAS	MENSAJES	ÚLTIMO MENSAJE
	Incidencias Incidencias o problemas con la web y su funcionamiento.	0	0	No hay mensajes
	Localización de contenidos Si necesitas encontrar algún documento o sección, pregunta.	1	3	por Neli_Trab Social Jue Oct 22, 2009 12:39 pm
	Sugerencias Ideas o opiniones para mejorar la web y su información.	1	2	por Josco.J Mié Sep 09, 2009 7:34 am
ENFERMEDADES NEUROMUSCULARES		TEMAS	MENSAJES	ÚLTIMO MENSAJE
	General Todo lo que concierne a las ENM.	2	5	por DESCARTES Mar Oct 13, 2009 12:15 pm
	Noticias Noticias documentales, avances, avisos.	6	6	por Thais_TO Mar Oct 27, 2009 11:35 am
BANCO DE AYUDAS TÉCNICAS Y COMPRAVENTA		TEMAS	MENSAJES	ÚLTIMO MENSAJE
	Solicitudes al banco de ayudas técnicas o de compra	2	2	por Thais_TO Lun Sep 28, 2009 9:33 am
	Donaciones al banco de ayudas técnicas o venta de productos	2	4	por DESCARTES Jue Sep 24, 2009 8:36 pm

- No **Subforo Xeral** poderedes facer as vosas consultas ou suxestións, atopar máis persoas afectadas ou familiares, intercambiar experiencias...

- No **Subforo Noticias** iremos colgando a información máis relevante sobre a nosa asociación e sobre as ENM.

Na sala “**Banco de Axudas Técnicas e Compra/Venda**” rexístranse todas as axudas técnicas que temos dispoñibles no banco de préstamo de Asem Galicia (para solicitar ou doar, consultade a información que

aparece na páxina deste boletín). Ademais poderedes inserir calquera anuncio de venda ou de compra de cadeiras de rodas, guindastres, vehículos adaptados, cadeiras de baño...

XXVI Congreso Nacional de Enfermidades Neuromusculares

Os pasados 6 e 7 de novembro tivo lugar en Santander o XXVI Congreso de ASEM, promovido pola Federación e organizado por Asem Cantabria.

En representación de Asem Galicia acudimos Juan Luis Bouvy (presidente) e Nelia Bruña (traballadora social).

Aprendemos moito sobre estas enfermidades: como afectan en diversas áreas da vida como o sono, a respiración, as relacións persoais..., tan importantes para a calidade de vida da persoa que padece a enfermidade.

Reafirmámonos na necesidade de seguir demandándolles ás autoridades competentes un servizo de fisioterapia para as persoas afectadas por enfermidades neuromusculares, xa que actualmente é o único tratamento que frea os efectos da enfermidade. Isto xa se conseguiu en Cataluña.

O lema do congreso foi “Mantendo a esperanza” e, ao noso parecer, é idóneo despois de escoitar os relatorios dos investigadores.

Fomos conscientes de que moitos neurólogos traballan a diario estudando posibilidades de tratamento para curar, ou polo menos minorar, os efectos das enfermidades neuromusculares. Por iso debemos seguir confiando e “mantendo a esperanza”.

Toda aquela persoa que queira profundar nos contidos do congreso, pode descargar os relatorios na web da Federación Asem (www.asem-esp.org).



A Fundación Isabel Gemio lévanos ata Benalmádena...

O pasado setembro, o Concello de Benalmádena, como froito dos contactos mantidos coa Fundación Isabel Gemio, decidiu colaborar co movemento Asem e propuxo invitar cinco familias afectadas por enfermidade neuromuscular a pasar unha fin de semana, con todos os gastos pagos, ao municipio malagueño.

A miña muller, os meus dous fillos e mais eu fomos seleccionados pola Federación Asem para gozar desta viaxe, toda unha fin de semana inesquecible de setembro. Aloxáronnos nun precioso hotel de catro estrelas na costa, ambientado na Polinesia, con todos os servizos e, sobre todo, cunha atención inmejorable.

Organizáronnos varias saídas:

- ☉ Ao precioso e espectacular porto deportivo de Benalmádena. Fomos a un acuario onde nos mostraron a flora e fauna mariña da zona.
- ☉ Leváronnos ao Selwo Marina, un parque animal con espectáculos de golfinhos, leóns mariños e aves, todos eles increíbles.
- ☉ Viaxamos en barco pola costa para divisar golfinhos no seu medio natural. Era un día despexado e sen vento en que puidemos ver unha estampa preciosa de grupos de golfinhos nadando pegados ao barco. Os nenos, e os non tan nenos, quedamos impresionados pola beleza natural destes animais.

As comidas foron de sobresaliente, en restaurantes con comida típica do Sur. Houbo moi boa sintonía entre as familias que participamos desta fin de semana e quedounos un estupendo recordo dunha viaxe inesquecible que se fixo moi curta para todos nós.

Desde aquí quero agradecerllo en especial ao Concello de Benalmádena e, en particular, á súa representante, María José, unha simpática malagueña encargada de organizar a viaxe, así como á Fundación Isabel Gemio e ao movemento Asem.

En Ferrol, Asem Galicia presente nas Xornadas de Aspanemi "Mellorando a Calidade de Vida"

XORNADAS ASPANEMI

MELLORANDO A CALIDADE DE VIDA

HORARIO DAS CONFERENCIAS

- 11:00 H - INAGURACIÓN A CARGO DO ALCALDE DE FERROL VICENTE IRISARRI
- 11:15 H - EQUINOTERAPIA. TRATAMENTO CON CABALOS A CARGO DE MAR COLOMO BRICEÑO. EXPERTA EN EQUITACIÓN TERAPÉUTICA, FUNDACIÓN "MANOS TENDIDAS"
- 12:30 H - "AUTONOMÍA PERSOAL. UN DEREITO" A CARGO DE MARÍA MORADO MARTÍNEZ PRESIDENTA DA ASOCIACIÓN "DIVERSIDAD FUNCIONAL FERROE Y COMARCA"
- 16:00 H - ASOCIACIÓN GALEGA CONTRA ENFERMIDADES-NEURO MUSCULARES "ASEM" A CARGO DE THAIS POUSADA GARCÍA, TERAPEUTA OCUPACIONAL NELIA BRAÑA SANCHEZ, TRABALADORA SOCIAL
- 17:30 H - FIBROTOMÍA GRADUAL (TÉCNICA DO DOCTOR ULZIBAT) VENTAXAS PARA OS DOENTES DA ESPASTICIDADE A CARGO DE ALEXEY REPETUNOV ESPECIALISTA EN TRAUMATOLOXÍA E ORTOPEDIA.
- 19:00 H - PECHE DA XORNADA A CARGO DA PRESIDENTA DA ASOCIACIÓN "ASPANEMI" MONTSERRAT FRAGA PEREZ

O pasado venres 16 de outubro, a **Asociación de Pais de Nenos con Minusvalía de Ferrol** organizou unhas xornadas específicas que levaban como título Mellorando a Calidade de Vida. A xornada, que se desenvolveu no salón de actos do Vicerreitorado de Ferrol, reuniu diferentes profesionais, afectados e familiares.

Tratáronse temas como os beneficios da hipoterapia, a promoción da autonomía persoal ou a fibrotomía gradual.

Asem Galicia fixo unha presentación da entidade e dos seus servizos, compartindo con todos os asistentes a súa filosofía e modo de acción.

Con esta e outras actividades, Asem Galicia vai ampliando a súa presenza nas diferentes comarcas galegas. **As enfermidades neuromusculares son cada vez máis coñecidas.**



A Xunta Directiva de Asem Galicia, así como o seu equipo de profesionais, quere desexarvos unhas Felices Festas.

O noso desexo para o novo ano é que as enfermidades neuromusculares sexan cada vez máis visibles. Para iso, solicitamos a vosa colaboración na difusión de diferentes documentos: trípticos, carteis, calendarios... Chamádenos e enviáremosvoslos para que os poidades difundir en hospitais, centros de saúde, farmacias etc.



Cada mércores, ASEM está nas ondas, en RADIOLIDER

Asem Galicia, cada mércores de 10:10 h a 10:30 h, participa nun programa que Radio Líder lles ofrece aos oíntes sobre **as enfermidades neuromusculares, as enfermidades raras, a discapacidade, a dependencia, as políticas sociais, a autonomía persoal, a investigación e as prestacións sociais.**

En FM, as frecuencias de Radio Líder en Galicia son as seguintes:


A Coruña - 105.1 - 105.9 Santiago - 101.8 Lugo - 107.8

Ourense - 107.9 Pontevedra - 100.3 Vigo - 91.1 - 87.5

Noia - 107.6 Santa Comba - 107.6 Cambados - 107.9

Fisterra - 107.2 Cervo - 102.1 Val de Lemos -

107.3 Lalín - 107.7 Boqueixón - 104.6



escóitanos!

2009...2010

Axudas técnicas para o ocio

Como vimos en números anteriores, existen axudas técnicas que melloran a realización de diversas actividades. No ocio, a miúdo esíxense unhas capacidades que a persoa perdeu ou non ten, o que aumenta a limitación para poder realizalas, diminuíndo a súa participación social. E como tamén é necesario fomentar a independencia neste tipo de actividades, a tecnoloxía está tendo en consideración as necesidades das persoas con mobilidade reducida, saíndo ao mercado axudas técnicas que facilitan a execución. Neste número queremosvos presentar unha pequena mostra delas. A área de terapia ocupacional de Asem Galicia asesoraravos de forma personalizada sobre este e outro tipo de axudas, así como sobre adaptacións na vivenda ou lugares de ocio.

Tesoiras adaptadas

1 - Tesoiras en T: manexadas a través de presión cunha soa man.



2 - Tesoiras con base de plástico: recomendadas para persoas con pouca forza, manéxanse cunha soa man.

3 - Tesoiras de agarre ancho: presentan un espazo moi ancho para introducir os dedos e, por tanto, diminúen a destreza necesaria para manexalas.

4 - Tesoiras *Easy-Grip*: con ambos os mangos enlazados, pódense manexar sen utilizar o dedo polgar.



Xogos de mesa adaptados: a oca, o parchís ou as damas poden ser adaptados para facilitarles o seu uso a persoas con mobilidade reducida. No caso dos dous primeiros, instálanse uns LED para simular o movemento das fichas ao longo do taboleiro





e tamén se pode utilizar un dado electrónico. No caso das damas ou o xadrez, existen taboleiros con orificios en cada cadrado para ir colocando as fichas durante o desenvolvemento do xogo. Estas adaptacións para xogos de mesa realízanse gratuitamente no Centro Estatal de Autonomía Persoal e Axudas Técnicas (CEPAT).

Suxeitacartas: no mercado existen diferentes tipos de suxeitacartas, por exemplo para apoiar sobre a mesa (e ir collendo as cartas unha a unha) ou outras de tipo cilíndrico para suxeitar todas as cartas cunha soa man.



Dominós especiais: para os asiduos ás partidas do dominó tamén se poden atopar diferentes tipos de formatos, sobre todo para persoas con problemas de visión. Así encontramos fichas de dominó xigantes, dominó con cores, dominó en relevo ou con diferentes texturas.





Adaptacións de xoguetes: no CEAPAT tamén realizan adaptacións sobre xoguetes estándar. Calquera xogo ou xoguete que teña un accionamento eléctrico pode adaptarse para ser activado por un simple interruptor. Mentres este estea accionado estará activado o xoguete e desactívase cando se deixa de premer.



Adaptacións para o deporte: unha actividade de ocio moi demandada, á vez que sa, é o deporte. Cada vez existen máis facilidades para que persoas con mobilidade reducida poidan participar activamente en actividades deportivas. Entre elas, podemos atopar barcos adaptados para a práctica de vela, esquís especiais, bicicletas de montaña adaptadas etc., así como diferentes tipos de cadeiras de rodas para a práctica de deportes como o baloncesto ou o tenis.



Banco de Axudas Técnicas: compartindo autonomía

Por todos é coñecido que as axudas técnicas ou produtos de apoio teñen un prezo, en moitas ocasións, pouco accesible para algunhas persoas, e máis aínda nos tempos de crise que corren. Por iso, Asem Galicia puxo á disposición de todos os seus socios un banco de axudas técnicas.

Este servizo consiste nun catálogo de axudas técnicas dispoñibles para o seu préstamo entre socios de Asem Galicia. Actualmente temos as seguintes axudas dispoñibles:

- Cadeira rodas anfibia (para a praia)
- Lupa de aumento para a lectura
- Calzador de mango longo
- Bipedestador estático
- Taloneiras antiéscaras.
- Cubrecolchón antiéscaras.
- Vaso recortado (adequado para beber recostado)
- Alza para inodoro
- Asento para bañeira (non xiratorio).

*Comparte
autonomía*



Calquera persoa afectada por unha ENM que desexe solicitar algunha destas axudas técnicas ou queira recibir máis información, só ten que poñerse en contacto coa área de terapia ocupacional (toasemga@gmail.com) ou preguntar por Thais Pousada no tlf. 986 378 001.

Ademais, as doazóns ao banco tamén son ben recibidas. Así que se tendes ou coñecedes alguén (familiares, amigos, empresas...) que teña algunha axuda técnica que xa non se utilice ou non lle sirva, poderedes facer unha doazón a este banco de préstamo. Así, a vosa axuda técnica doada pasará á listaxe e poderá ser solicitada por un dos nosos socios.

Atoparedes a listaxe actualizada e os formularios de solicitude e doazón na nosa páxina web: http://www.asemgalicia.com/afectados_familiares/banco_ayudas_tecnicas/banco_ayudas_tecnicas.html

Compatibilidades dos servizos e prestacións da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia

Debido ás numerosas dúbidas que ás veces se vos presentan en relación coas compatibilidades e incompatibilidades da lei, a seguir expoñemos un resumo para aclarar as vosas dúbidas.

Lembre tamén que neste ano 2009 xa teñen acceso aos servizos e prestacións da lei, ademais dos **grandes dependentes** (grao III, nivel 1 e 2), aqueles que foran valorados como **dependentes severos** (grao II, nivel 1 e 2).

» **Compatibilidade dos servizos da lei:**

- **Teleasistencia:** compatible con todos os servizos, agás coa atención residencial.
- **Axuda no fogar:** compatible coa teleasistencia, centro de día e centro de noite.
- **Centro de día e centro de noite:** compatibles entre si e tamén con teleasistencia e axuda no fogar.
- **Atención residencial:** compatible co centro de día en que se presten servizos de carácter específico que a persoa poida requirir, de acordo co establecido no seu PIA.

» **Compatibilidade das prestacións da lei:**

As prestacións económicas son **incompatibles** entre si.

- **Libranza para a adquisición de servizos:** compatible con teleasistencia e libranza de coidados no contorno familiar durante os períodos de respiro da persoa coidadora.
- **Libranza para coidados no contorno familiar e apoio a coidadores non profesionais:** compatible con teleasistencia e servizos de axuda no fogar, centro de día e de noite e de atención residencial, así como coa libranza vinculada á adquisición dun servizo desta última natureza, durante os períodos de respiro da persoa coidadora.
- **Asistencia persoal:** compatible con teleasistencia e servizo de axuda no fogar, centro de día e de noite e atención residencial, durante os períodos de respiro da persoa asistente.

A incapacidade laboral permanente (1.ª parte)

A incapacidade permanente pode ter diversos graos:

1. **Incapacidade permanente parcial para a profesión habitual**
2. **Incapacidade permanente total para ou desempeño da profesión habitual**
3. **Incapacidade permanente absoluta para todo traballo**
4. **Gran invalidez**


No presente boletín falaremos sobre a incapacidade parcial e a total e trataremos as outras dúas no próximo boletín.

1. **Incapacidade permanente parcial para a profesión habitual**

É a que lle ocasiona ao traballador unha diminución do 33% ou máis, no seu rendemento normal, sen impedirle realizar as tarefas fundamentais da súa profesión.

Para ter dereito a cobrar a prestación, esíxense os seguintes requisitos:

- Estar en alta na Seguridade Social ou situación asimilada.
- Ter menos de 65 anos cando ocorreu ou feito causante da incapacidade.
- Se a incapacidade está motivada por enfermidade común, ter cotizados polo menos 1.800 días nos 10 anos inmediatamente anteriores á extinción da incapacidade temporal da que derive, computándose por enteiro os 18 meses de duración máxima nesta situación, aínda que non se esgotasen.



- No caso de traballadores menores de 21 anos, deben ter cotizada ata a data da súa baixa por enfermidade a metade dos días transcorridos entre os 16 anos e a iniciación do proceso de incapacidade temporal de que se derive a súa situación, máis todo o período, esgotado ou non, da incapacidade temporal.
- Se a incapacidade ten como orixe un accidente, de traballo ou non, ou unha enfermidade profesional, non se esixe período de cotización ningún.

A contía da prestación, que non ten carácter de pensión, é de 24 mensualidades da base reguladora que serviu de partida para o cálculo da prestación de incapacidade temporal causada previamente. O seu cobramento é compatible con calquera tipo de actividade laboral.

2. Incapacidade permanente total para o desempeño da profesión habitual

Considérase que inhabilita o traballador para a realización de todas, ou as tarefas fundamentais, da súa profesión, pero non para dedicarse a outra distinta.

Para ter dereito a pensión por incapacidade permanente total é necesario:

- Estar dado de alta na Seguridade Social ou situación asimilada.
- Ter menos de 65 anos e/ou non ter acceso a pensión de xubilación contributiva.
- Se a orixe é unha enfermidade común, e o traballador ten menos de 26 anos de idade, deberá ter cotizada á Seguridade Social a metade do tempo transcorrido entre a data en que cumpriu os 16 anos e a do feito causante da pensión.
- Se ten máis de 26 anos, debe ter cotizada a cuarta parte do tempo transcorrido entre a data en que cumpriu 20 anos e a do feito causante da pensión, cun mínimo, en todo caso, de cinco anos. Ademais, a quinta parte dese período mínimo deberá estar comprendida dentro dos 10 anos inmediatamente anteriores ao feito causante.
- Se a orixe é un accidente ou unha enfermidade profesional, non é preciso acreditar período ningún de cotización.

A prestación, que ten carácter de pensión vitalicia, é do 55% da base reguladora, complementable cun 20% máis se o traballador ten 55 ou máis anos, e está en desemprego. A pensión é incompatible co desempeño do mesmo posto de traballo na empresa. O cobramento do 20% engadido ao 55% da base reguladora é incompatible coa realización de calquera traballo, sexa por conta propia ou allea.

ESTABLECEMENTOS ORTOPÉDICOS PRIM

“137 anos dedicados á saúde dos nosos concidadáns”

VIGO (PONTEVEDRA) - Zamora, 94
Tif. 986 413 333

SANTIAGO - Fernando III O Santo 31, 33
Tif. 981 591 192

A CORUÑA - Rey Abdullah, 7, 9,
Tif. 981 140 250

OURENSE - Cruceiro Quebrado, 10
Tif. 988 391 285

www.eoprim.es
eop.vigo@eoprim.es



TESTEMUÑO



CANTO ME GUSTARÍA...

Canto me gustaría poder volver a andar. É coma un soño e espero que se cumpra. Hai moitos refráns que din que a esperanza é o último que se perde. Penso que eses refráns son certos porque eu, malia levar case catro anos sen andar, aínda non perdín a esperanza de que algún día encontren a cura para esta enfermidade. Se a encontrasen, non só eu sería feliz, senón que todos os nenos que sofren esta enfermidade o serían.

Eu sigo tendo esperanza desde os 9 anos, grazas ao apoio dos meus pais, dos meus avós, do meu irmán e do resto dos meus familiares. Estou seguro de que todos os que sofren calquera tipo de enfermidade, seguen adiante grazas ao apoio dos seus familiares.

A min a enfermidade diagnosticáronma aos 5 anos. Ata os 9 anos era case normal, pero a partir de aí empecei a debilitarme ata que non puider volver a camiñar.

Isto que conto é o que máis me gustaría, igual que a calquera persoa que non poida facelo. Pero a pesar diso sigo vivindo feliz e case sempre estou sorrindo, aínda que sen dúbida ningunha pagaría o que fose para que atopasen a cura para que non sufra ninguén máis este mal. Porque só os que o sufriron saben o que é en realidade.

Redacción de Daniel Piñeiro Ferradás, 14 anos.
Ten Distrofia Muscular de Duchenne.

Con



*Feliz ano
2010!*

VIGO Sede
Párroco José Otero, nº 6 baixo
36206 Vigo
Tel./Fax: 986 378 001

A CORUÑA
Centro García Sabell

E-mail: asemga@teleline.es
Web: www.asemgalicia.com

